

# **GUÍA PARA A PRESENTACION DE RECLAMACIÓN ECONÓMICO-ADMINISTRATIVAS**

## **Actos susceptibles de reclamación económico-administrativa:**

- Liquidacións provisionais e definitivas de tributos de competencia local.
- Resolucións expresas ou presuntas derivadas dunha solicitude de rectificación de autoliquidación de tributos de competencia local.
- Os que deneguen ou recoñezan exencións ou bonificacións tributarias e demais beneficios ou incentivos fiscais.
- Os que impongan sancións tributarias.
- Os ditados no procedemento de recadación de tributos locais e demais ingresos de dereito público de competencia local.
- As resolucións dos recursos de reposición.
- Os que, distintos dos anteriores, se consideren expresamente impugnables por disposicións ditadas en materia tributaria.

## **Actos que non admiten reclamación económico-administrativa:**

- Os actos de imposición de sancións non tributarias e de liquidación dos restantes ingresos públicos non tributarios, salvo os de xestión recadatoria seguida para o cobro en período executivo das débedas derivadas dos devanditos ingresos.
- Os ditados en virtude dunha lei que os exclúa de reclamación.

## **Lexitimados para interpór unha reclamación económico-administrativa:**

- Obrigados tributarios e suxeitos infractores.
- Persoas cuxos intereses lexítimos e directos resulten afectados polo acto administrativo.

## **Requisitos do escrito de reclamación:**

- Deberá conter necesariamente os seguintes extremos:
  - Identificación completa do reclamante (nome, apelidos, razón social e NIF), e, no seu caso, do representante (acompañando do documento que acredite a representación).
  - Domicilio para recibir notificacións.
  - Identificación do acto que se impugna e do órgano administrativo que o ditou.
- No escrito de interposición deberá manifestarse non haber presentado previamente recurso potestativo de reposición, ou haber sido este desestimado de forma expresa ou por silencio administrativo. Non poden simultanearse o recurso de reposición e a reclamación económico-administrativa.
- O escrito de interposición dirixirase ao órgano administrativo que ditase o acto contra o que se reclama e indicarse que a reclamación se

interpón ante o Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Ourense.

- Poderá utilizarse o modelo de reclamación dispoñible na web do Concello de Ourense.

**Prazo para interpor a reclamación:**

Será de un mes desde o día seguinte á notificación do acto impugnado, ou desde o seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

No suposto de débedas de vencemento periódico e notificación colectiva ou de tributos cobrados mediante recibo, o prazo para a interposición se computará desde o día seguinte ó de finalización do periodo voluntario de pago salvo se se interpuxo recurso de reposición; neste caso, o prazo de un mes se computará desde o día seguinte á notificación da resolución expresa ou aquel en que deba entenderse desestimado por silencio administrativo.

**Lugar de presentación da reclamación:**

No Rexistro Xeral do Concello de Ourense e nas formas previstas no art. 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

**Prazo de resolución da reclamación:**

A duración do procedemento será dun ano contado desde a interposición da reclamación, transcorrido o cal o interesado poderá entender desestimada a reclamación ao obxecto de interpoñer o recurso procedente.

**Recursos contra a resolución da reclamación económico-administrativa:**

As resolucións ditadas polo Tribunal serán directamente recurribles en vía contencioso-administrativa diante dos xulgados do contencioso-administrativo de Ourense no prazo de dous meses desde a notificación da resolución.